1906-2016

TI ES A NOSA HISTORIA

RCDEPORTIVO

CAMPAÑA DE ABONOS 2016/17

abonos.canaldeportivo.com

110 ANIVERSARIO 1906 REAL CLUB DEPORTIVO 1906-2016

Deportivista,

un ano máis poñemos o contador do tempo a cero para volver empezar. Como fixemos cada verán dos últimos 110, como non deixamos de facer desde 1906. Desde que un 8 de decembro de hai un século e unha década once xogadores de fútbol defenderon por primeira vez o escudo do Deportivo nun partido fronte ao Coruña, centos de miles de coruñeses e deportivistas coma ti escribiron a historia da súa vida entrelazada coa nosa. O que fomos, o que somos e o que pretendemos ser non ten, en ningún caso, sentido sen ti. Ti non es parte da nosa historia, ti es a nosa historia. O motor que nos moveu durante todos estes anos para conseguir o que nos propuxemos, superar os desafíos e cada verán, coma este, volver empezar con máis ilusión que nunca.

Por iso queremos darche as grazas. Por tantos anos de fidelidade, de paixón, de entrega, de apoio, de recordos indelebles. Grazas por querer, un ano máis, formar parte desta historia, que é a túa, e que desexamos sexa interminable e de Primeira para sempre.

Queremos ollar ao pasado para soñar co mellor dos futuros. Imos recuperar, coidar e honrar a nosa memoria para seguirmos escribindo capítulos cada día contigo.
Ser socio do Deportivo é ser parte da nosa historia.

FELIZ 110 ANIVERSARIO!

ÍNDICE

VANTAXES 4
NOVIDADES 4
TIPOS DE ABONO 2016/17 5
ESTADIO DE RIAZOR 7
TÁBOA DE PREZOS I 8
TÁBOA DE PREZOS II 9
CALENDARIO 10
PROCEDEMENTO 11
PREGUNTAS FRECUENTES 13
INCENTIVOS 16

POR QUE ABONARSE?

VANTAXES

- **Asistir a todos os partidos de Liga e Copa do Rei** que se xoguen **no Estadio de Riazor.**
- **Asistir a todos os partidos que a nosa canteira xoga** na **Cidade Deportiva de Abegondo.**
- **Asistir a todos os partidos que xoga** en casa o **Dépor Feminino.**
- Gozar do **5% de desconto na Deportienda** de Riazor, Marineda City e en **www.deportienda.es**
- Ter un desconto do **50% no abono do Básquet Coruña** se se adquire na OAD.
- Participar en **sorteos exclusivos, experiencias e campañas especiais** que organice o Club.
- Ter **preferencia na venda de entradas** para os encontros que o equipo xogue fóra de casa.
- **Comprar entradas con desconto de socio** naqueles partidos que así as dispoña o Club.
- Ter **descontos e promocións das empresas patrocinadoras** e outros colaboradores do Club.
- Ter **tarifas especiais nos Dépor Campus** así como noutras actividades que organice o Club.
- Optar a **gañar un Mercedes Clase A** de Louzao e outros premios excepcionais se acodes a todos os partidos que se xogan en Riazor durante a Temporada.
- **Recibir unha especial atención na OAD**, sempre a disposición do socio para atender todas as súas necesidades ou inquedanzas.

NOVIDADES

- Aplícanse as **bonificacións a todas as bancadas do Estadio.**
- **Elimínanse os Días do Club.**
- **Créase a Bancada Curva de Pavillón** (confluencia con Tribuna).
- **Elimínase a Tribuna Dianteira.**
- **Créase a Bancada de Estudantes.**
- **Créase a Bancada Solidaria.**
- En caso de non acudir ao Estadio poderase **ceder o asento a distintos colectivos sociais.**
- Créase o **carné Nen@ Dépor**, especialmente pensado para os deportivistas nacidos recentemente.
- Ponse en marcha a **plataforma de Cita Previa** para evitar as longas colas de espera.

TIPOS DE ABONO

NORMAL

Abono xeral, sen bonificación.

VIP

O Estadio de Riazor dispón de **Palcos Vip Privados** situados baixo Preferencia Superior, destinados a **aquelas empresas** que queiran presenciar os encontros nun ambiente exclusivo, con **todas as comodidades e servizos adicionais** que dispón o Club.

BONIFICADOS

MAIORES DE 65: Desconto do 20% sobre o Abono Normal da temporada. Aplicable en todas as localidades. Considerarase maior de 65 todo abonado con 65 anos ou máis no momento da expedición do carné. En caso de non acudir o titular do abono para renovar ou dar a alta, solicitarase DNI ou Fe de vida. Será obrigatoria a presentación do DNI no momento da expedición e a requirimento de calquera empregado do Club durante a temporada. A utilización do carné por persoas menores de 65 anos será motivo de retirada do mesmo, que só poderá ser recuperado, por parte do titular, abonando a diferenza entre o prezo do carné bonificado e o prezo do abono de temporada da bancada correspondente.

DISCAPACIDADE: Desconto do 20% sobre o Abono Normal da temporada a toda persoa que padeza unha discapacidade igual ou superior a un 33%. Para obtelo debe presentar o certificado de discapacidade no momento de expedir o carné. En caso de necesitar acompañante (imprescindible certificado médico) aplicaráselle a este o mesmo desconto. A zona habilitada para abonados con mobilidade reducida en cadeira de rodas atópase situada en Tribuna Inferior Impar e aplicarase o desconto do 20% sobre o prezo do abono de Marathón Inferior.

DESEMPREGADO: Desconto do 30% sobre o Abono Normal da temporada. Aplicable a todas as localidades. Deberase presentar a tarxeta que certifica tal condición expedida polo SEPE e actualizada. O carné só poderá ser utilizado polo titular durante a temporada, polo que deberá presentar o DNI a requirimento de calquera empregado do Club, procedéndose á súa retirada en caso de uso indebido. Para recuperalo, o titular deberá abonar a diferenza entre o prezo do carné bonificado e o prezo do Abono de temporada da bancada correspondente.

SUB 25: Desconto do 40% sobre o Abono Normal da temporada. Aplicable en todas as localidades. Considérase Sub 25 a todo socio con 25 anos ou menos no momento de expedición do carné. Será obrigatoria a presentación do DNI no momento da expedición e a requirimento de calquera empregado do Club. A utilización do carné por persoas maiores de 25 anos será motivo de retirada do mesmo. Só poderá ser recuperado, por parte do titular, abonando a diferenza entre o prezo do carné bonificado e o prezo do Abono Normal de temporada da bancada correspondente.

ADN BRANQUIAZUL (SUB 15): Tarifa especial sobre o Abono Normal da temporada. Considérase ADN Branquiazul todo socio con 15 anos ou menos no momento de expedición do carné. O abono deberá ir sempre vinculado ao dun socio maior de idade. No momento de alta dun carné de ADN Branquiazul entregarase a asinar un documento ao socio maior de idade responsabilizándose da súa correcta utilización durante a temporada. A utilización do carné por persoas maiores de 15 anos será motivo de retirada do mesmo, que só poderá ser recuperado, por parte do titular, abonando a diferenza entre o prezo do carné bonificado e o prezo do abono de temporada da bancada correspondente.

BANCADA FAMILIAR: Abono especial para familias, que permitirá aos membros dunha mesma familia apoiar xuntos ao equipo. Mínimo 3 membros dunha mesma familia (pais-fillos/avós-netos). Dous tipos de pack: 2 adultos 1 neno, ou 1 adulto 2 nenos. Nenos ata 15 anos e un máximo de 3 nenos adicionais. O abono do/s neno/s irá sempre vinculado ao socio maior de idade. No momento da expedición dos carnés familiares entregarase a asinar un documento ao socio maior de idade responsabilizándose da súa correcta utilización durante a temporada. Imprescindible presentar o Libro de Familia para acreditar a relación de parentesco. A zona habilitada como Bancada Familiar áchase situada en Tribuna Inferior Lateral Par e Preferencia Superior Córner Par.

BANCADA PEÑAS DEPORTIVISTAS: Abonos especiais para as Peñas Deportivistas con prezos bonificados co obxectivo de que as Peñas poidan situarse conxuntamente para animar ao equipo. Número mínimo de membros dunha mesma Peña para acceder á bonificación: 3. Sobre a tarifa especial aplicarase o 20% de desconto se son entre 5 e 9 os membros dunha mesma Peña e o 30% de desconto se son 10 ou máis membros dunha mesma Peña. O Presidente da Peña será quen solicite os abonos. A zona habilitada como Bancada Peñas Deportivistas atópase situada en Preferencia Superior Córner Impar.

TIPOS DE ABONO

BANCADA ESTUDANTES: Abono especial estudantes (carné universitario), para gozar todos xuntos ao terminar as clases dos partidos do Dépor. Imprescindible presentar carné universitario do ano académico en curso no momento de expedir o abono. A zona habilitada como Bancada Estudantes atópase situada en Preferencia Superior Córner Par. A utilización do carné por unha persoa diferente do titular será motivo de retirada do mesmo, que só poderá ser recuperado, por parte do titular, abonando a diferenza entre o prezo do carné bonificado e o prezo do Abono Normal de temporada da bancada correspondente.

SOCIO AMIGO: Especialmente creado para afeccionados que residen fóra da Coruña. Poderán manter a antigüidade e asistir a un encontro de Liga (excepto Real Madrid, Barcelona e Celta).
Prezo único do Abono: 50€.

NEN@ DÉPOR: Especialmente creado para nacidos recentemente de 0-3 anos. Poderán manter a antigüidade e asistir a un encontro de Liga (excepto Real Madrid, Barcelona e Celta).
Prezo único do Abono: 50€.
Prezo único do Abono con produtos "Nen@Dépor" Deportienda, especial pack de agasallo: 75€.

BANCADA SOLIDARIA: O Real Club Deportivo fiel ao seu compromiso solidario e co obxectivo de comunicar as innumerables accións de Responsabilidade Social que desenvolve ao longo do ano, crea a "Bancada Solidaria", cunha capacidade de 250 localidades para axudar á integración social dos diferentes colectivos presentes na nosa cidade. O Club, cumprindo coa súa política de transparencia, fará pública en cada xornada a lista dos colectivos participantes. Só poderán solicitar ONGs, Fundacións ou Institucións sen ánimo de lucro que traballen a nivel local con colectivos desfavorecidos, saúde, infancia ou integración social. O protocolo completo de solicitudes xestiónase en atencion.deportivista@rcdeportivo.es.

ESTADIO DE RIAZOR

(*)
Portas de garda para acceder a Riazor no transcurso dos partidos

- TRIBUNA SUPERIOR
- TRIBUNA INFERIOR
- MARATHÓN SUPERIOR
- MARATHÓN INFERIOR
- PREFERENCIA SUPERIOR CENTRAL
- PREFERENCIA SUPERIOR CÓRNER
- PREFERENCIA INFERIOR
- PREFERENCIA SUPERIOR LATERAL
- PAVILLÓN SUPERIOR
- PAVILLÓN INFERIOR
- CURVA PAVILLÓN SUPERIOR
- CURVA PAVILLÓN INFERIOR

BANCADAS ESPECIAIS

- PALCOS VIP
- FAMILIAR
- PEÑAS
- ESTUDANTES

TÁBOA DE PREZOS I

Renovación e alta ata o 10 de agosto

BANCADA	ABONO	BONIFICADOS			
		MAIOR DE 65 E DISCAPACIDADE -20%	DESEMPREGADO -30%	SUB 25 -40%	ADN BRANQUIAZUL
Tribuna Superior	595 (59,50 mes)	476 (47,60 mes)	416	357 (35,70 mes)	285 (28,50 mes)
Tribuna Inferior	545 (54,50 mes)	436 (43,60 mes)	381	327 (32,70 mes)	265 (26,50 mes)
Preferencia Sup. Central Par	499 (49,90 mes)	399 (39,90 mes)	349	299 (29,90 mes)	235 (23,50 mes)
Preferencia Sup. Central Impar	499 (49,90 mes)	399 (39,90 mes)	349	299 (29,90 mes)	235 (23,50 mes)
Preferencia Sup. Córner Par	425 (42,50 mes)	340 (34,00 mes)	297	255 (25,50 mes)	205 (20,50 mes)
Preferencia Sup. Córner Impar	425 (42,50 mes)	340 (34,00 mes)	297	255 (25,50 mes)	205 (20,50 mes)
Preferencia Inferior	250 (25,00 mes)	200 (20,00 mes)	175	150 (15,00 mes)	115 (11,50 mes)
Pavillón Superior	250 (25,00 mes)	200 (20,00 mes)	175	150 (15,00 mes)	115 (11,50 mes)
Curva de Pavillón Superior Par	270 (27,00 mes)	216 (21,60 mes)	189	162 (16,20 mes)	135 (13,50 mes)
Pavillón Inferior	180 (18,00 mes)	144 (14,40 mes)	126	108 (10,80 mes)	95 (9,50 mes)
Curva de Pavillón Inferior Par	200 (20,00 mes)	160 (16,00 mes)	140	120 (12,00 mes)	105 (10,50 mes)
Marathón Superior	360 (36,00 mes)	288 (28,80 mes)	252	216 (21,60 mes)	175 (17,50 mes)
Marathón Inferior	210 (21,00 mes)	168 (16,80 mes)	147	126 (12,60 mes)	105 (10,50 mes)

BANCADA FAMILIAR (Pais - Fillos / Avós - Netos)	PACK 2 ADULTOS + 1 NENO (ata 15 anos)	PACK 1 ADULTO + 2 NENOS (ata 15 anos)	NENO ADICIONAL (ata 15 anos) (Máximo 3)
Tribuna Inferior Lateral Par	999	799	150
Preferencia Sup. Córner Par	799	599	100

GRADA PEÑAS (Peñas Deportivistas)	ABONO 3 Mínimo 3 Peñistas (mesma Peña)	ABONO 5 Mínimo 5 Peñistas (mesma Peña)	ABONO 10 Mínimo 10 Peñistas (mesma Peña)
Preferencia Sup. Córner Impar	400	320	280

BANCADA ESTUDANTES	CARNÉ UNIVERSITARIO
Preferencia Sup. Córner Par	210

Nota: As bonificacións/descontos non son acumulables.

TÁBOA DE PREZOS II

Renovación e alta desde o 11 de agosto

BANCADA	ABONO	BONIFICADOS			
		MAIOR DE 65 E DISCAPACIDADE -20%	DESEMPREGADO -30%	SUB 25 -40%	ADN BRANQUIAZUL
Tribuna Superior	655	524	458	393	314
Tribuna Inferior	600	480	420	360	292
Preferencia Sup. Central Par	549	439	384	329	259
Preferencia Sup. Central Impar	549	439	384	329	259
Preferencia Sup. Córner Par	468	374	327	280	225
Preferencia Sup. Córner Impar	468	374	327	280	225
Preferencia Inferior	275	220	193	165	127
Pavillón Superior	275	220	193	165	127
Curva de Pavillón Superior Par	297	238	208	178	149
Pavillón Inferior	198	158	139	119	105
Curva de Pavillón Inferior Par	220	176	154	132	115
Marathón Superior	396	317	277	238	193
Marathón Inferior	231	185	162	139	115

BANCADA FAMILIAR (Pais - Fillos / Avós - Netos)	PACK 2 ADULTOS + 1 NENO (ata 15 anos)	PACK 1 ADULTO + 2 NENOS (ata 15 anos)	NENO ADICIONAL (ata 15 anos) (Máximo 3)
Tribuna Inferior Lateral Par	1098	878	165
Preferencia Sup. Córner Par	878	658	110

BANCADA PEÑAS (Peñas Deportivistas)	ABONO 3 Mínimo 3 Peñistas (mesma Peña)	ABONO 5 Mínimo 5 Peñistas (mesma Peña)	ABONO 10 Mínimo 10 Peñistas (mesma Peña)
Preferencia Sup. Córner Impar	440	352	308

BANCADA ESTUDANTES	CARNÉ UNIVERSITARIO
Preferencia Sup. Córner Par	231

Nota: As bonificacións/descontos non son acumulables.

CALENDARIO DE RENOVACIÓN

XUÑO

LUN	MAR	MÉR	XOV	VEN	SÁB	DOM
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30			

XULLO

LUN	MAR	MÉR	XOV	VEN	SÁB	DOM
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31

AGOSTO

LUN	MAR	MÉR	XOV	VEN	SÁB	DOM
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30	31				

23 - 26 DE XUÑO Inicio da renovación online e activación da web de cita previa.

27 DE XUÑO - 4 DE AGOSTO Renovacións presenciais, renovación online, novas altas de localidades dispoñibles.

27 DE XUÑO - 2 DE XULLO Preferencias de localidades para afectados por videomarcadores e cámaras. Desde o 5 de agosto liberación de asentos dos deportivistas que non renovasen ata o 4 de agosto.

5 - 6 DE AGOSTO Cambios de localidade con preferencia para recolocados por videomarcadores e cámaras Temporada 15/16.

8 - 10 DE AGOSTO Cambios de localidade en xeral.

11 DE AGOSTO Subida dun 10% nas localidades liberadas.

PROCEDEMENTO

RENOVACIÓNS

Dispós de todas as facilidades e plataformas para a túa renovación!

ONLINE

Na páxina **http://abonos.canaldeportivo.com** as 24 horas do día poderán renovar abonos (salvo os bonificados como Desempregados, bancadas especiais, abonos mensuais e todo o que requira cambio de asento ou de localidade). Os carnés estarán dispoñibles desde 72 horas despois da súa xestión online na Deportienda (Estadio de Riazor, Rúa Manuel Murguía s/n) en horario de luns a sábado de 10.00 a 20.30 horas. Para a recollida do carné será necesario presentar o DNI ou o carné de abonado da pasada temporada do socio titular. Tamén pode seleccionar o envío a domicilio mediante servizo de mensaxaría, gastos de envío non incluídos.

TELÉFONO

Mediante o servizo telefónico de **ABANCA, 902 434 443** todos os días de 08.00 a 22.00 horas, poderán renovar abonos (salvo os bonificados como Desempregados, bancadas especiais, abonos mensuais e toda renovación que requira cambio de asento ou de localidade). Os carnés estarán dispoñibles desde 120 horas despois da xestión na sucursal de ABANCA seleccionada polo abonado. Gastos de xestión non incluídos.

TRANSFERENCIA

Mediante ingreso na Conta do Real Club Deportivo, **ABANCA ES72 2080 0063 42 3040031088** pódense renovar abonos (salvo os bonificados como Desempregados, bancadas especiais, abonos mensuais e toda renovación que requira cambio de asento ou de localidade), indicando nome, apelidos e DNI do abonado. Unha vez efectuado o ingreso, é imprescindible para facer efectiva a renovación enviar un correo electrónico a **taquilla@canaldeportivo.com** achegando o xustificante bancario, copia do DNI e sinalando os datos do abonado. Unha vez comprobados os datos, desde a Oficina de Atención ao Deportivista contactarase co socio titular para a entrega do carné.

DESPACHO DE BILLETES DA OFICINA DE ATENCIÓN AO DEPORTIVISTA

Pide a túa cita. Estreamos a plataforma de Cita Previa de abonos para evitar as longas colas de espera. Entra na páxina: **citaprevia.canaldeportivo.com**. Todos aqueles deportivistas que non soliciten cita previa terán que esperar que se liberen os postos no Despacho de billetes, pois prevalecerán aqueles que soliciten a cita previa.

En efectivo ou con tarxeta. Presentando o carné de abonado da Temporada 2015/2016 ou o DNI. En caso de aplicarse algunha nova bonificación, a documentación requirida en cada caso.

Pago fraccionado. O carné pódese pagar mensualmente dividindo a cota anual entre 10 e abonando 12 recibos. A primeira cota cárgase a primeira semana de xullo de 2016. A domiciliación dos recibos é obrigatoria, presentando na Oficina de Atención ao Deportivista o documento requirido no momento da solicitude. Os abonos non incluídos no pagamento fraccionado son: Bancada Familiar, Bancada Peñas, Bancada Estudantes e carnés bonificados co desconto de Desempregados, Socio Amigo e Nen@ Dépor.

Horario do Despacho de billetes. Entre o 27 de xuño e o 8 de xullo horario ininterrompido de luns a venres de 10.00 a 20.00 horas e desde o 11 de xullo ao 19 de agosto de luns a venres de 10.00 a 14.00 e 16.00 a 20.00 horas. Sábados de 10.30 a 13.30 horas. Resto de temporada de 10.00 a 13.30 e de 16.30 a 19.00 horas.

Cambios de bancada e localidade. No momento da renovación podes mudar de bancada para outras bancadas dispoñibles; con todo, se queres cambiar de asento dentro da mesma bancada terás que realizalo no prazo establecido no calendario.

ALTAS NOVAS

Sen cota de alta para os novos abonados!

DESPACHO DE BILLETES DA OFICINA DE ATENCIÓN AO DEPORTIVISTA

Pide a túa cita. Estreamos a plataforma de Cita Previa de abonos para evitar as longas colas de espera. Entra na páxina: **citaprevia.canaldeportivo.com.** Todos aqueles deportivistas que non soliciten cita previa terán que esperar que se liberen os postos no Despacho de billetes, pois prevalecerán aqueles que soliciten a cita previa.

En efectivo ou con tarxeta. Presentando o DNI/CIF do titular do abono ademais de cubrir a ficha de alta cos datos do titular. En caso de carnés bonificados, a documentación requirida en cada caso.

Pago fraccionado. O carné pódese pagar mensualmente dividindo a cota anual entre 10 e abonando 12 recibos. A primeira cota cárgase a primeira semana de xullo de 2016.
A domiciliación dos recibos é obrigatoria, presentando na Oficina de Atención ao Deportivista o documento requirido no momento da solicitude. Os abonos non incluídos no pago fraccionado son: Bancada Familiar, Bancada Peñas, Bancada Estudantes e carnés bonificados co desconto de Desempregados, Socio Amigo e Nen@ Dépor.

Horario de Despachos de billetes: Entre o 27 de xuño e o 8 de xullo horario ininterrompido de luns a venres de 10.00 a 20.00 horas e desde o 11 de xullo ao 19 de agosto de luns a venres de 10.00 a 14.00 e 16.00 a 20.00 horas. Sábados de 10.30 a 13.30 horas. Resto de temporada de 10.00 a 13.30 e de 16.30 a 19.00 horas.

RENUNCIA AO ASENTO, OU NON RENOVACIÓN

Se non tes pensado renovar o abono desta temporada, pódese renunciar xa á localidade e cederlla directamente ao Club ou a outro abonado (renovación ou nova alta). Para iso débese cubrir un formulario. O socio que desexe ocupar esa localidade deberá entregar o formulario debidamente cumprimentado, asinado e coa documentación anexa exixida, na Oficina de Atención ao Deportivista como paso previo á súa alta ou renovación.

LIBERACIÓN DE ASENTOS DESDE O 5 DE AGOSTO

Os abonados manterán a reserva do seu asento ata o xoves 4 de agosto de 2016.
A partir do venres 5 de agosto todas as localidades que non fosen renovadas serán liberadas para que outros socios as poidan ocupar, tanto para cambios de localidade de quen xa renovase como para novas altas que ata ese momento non se podían realizar ao atoparse o aforamento da maioría das bancadas completamente ocupado por novos socios e renovacións pendentes.

PREGUNTAS FRECUENTES

INFORMACIÓN XERAL

1. QUE FAGO SE PERDO O MEU CARNÉ?

Na Oficina de Atención ao Deportivista (OAD) expedirase un duplicado previo pagamento de 6 euros quedando anulado o anterior. Se mudas de localidade durante a temporada deberás abonar o mesmo importe. En caso de roubo do carné, presentando a denuncia, terás o duplicado sen custo.

2. QUE TEÑO QUE FACER SE QUERO CAMBIAR DE LOCALIDADE?

No momento en que acudas ao despacho de billetes para renovar o teu abono podes cambiar de unha bancada a outra dispoñible, mais se queres cambiar de asento dentro da mesma localidade terás que facelo na data que indica o calendario da campaña ou esperar á liberación de asentos.

3. QUE PODO FACER SE POR ALGUNHA RAZÓN NON PODO ACUDIR A ALGÚN DOS PARTIDOS QUE SE XOGUEN EN RIAZOR?

Todos aqueles abonados que non poidan ir aos encontros de Liga e Copa que se xoguen en Riazor poderán ceder o seu asento (indicándoo cun mínimo de 4 días de antelación á disputa do partido) para distintos colectivos sociais da nosa comunidade, converténdose en abonados socialmente responsables e entrando ademais nos sorteos que poida organizar o Club.

4. PODO COMPRAR ENTRADAS CANDO O EQUIPO XOGUE FÓRA DE RIAZOR?

O Real Club Deportivo non dispón de ningunha cota de entradas establecida. É, por tanto, o equipo local quen determina o número de entradas e a que prezos as cede ao Deportivo. Os socios poden comprar 2 entradas presentando o carné de abonado e DNI dos usuarios finais das localidades. As entradas só poden comprarse nos despachos de billetes do Estadio de Riazor (Oficina de Atención ao Deportivista).

5. QUERO SABER OS DEREITOS E OBRIGAS QUE TEÑO COMO SOCIO E/OU ACCIONISTA. QUEN PODE ATENDERME?

Alén da normativa aplicable, o Real Club Deportivo dispón dun regulamento interno que está a disposición de todos os socios e/ou accionistas. Na Oficina de Atención ao Deportivista estamos a enteira disposición dos deportivistas para atendelos persoalmente respecto deste e/ou calquera outro tema. Pode solicitarse unha cita previa a través do correo electrónico **atencion.deportivista@rcdeportivo.es** ou no teléfono **981 229 410**.

6. QUE SUCEDE SE DEIXO DE PAGAR O MEU ABONO MENSUAL?

Se tes algunha mensualidade pendente de pago tes que achegarte á Oficina de Atención ao Deportivista no horario indicado ou aos despachos de billetes do Pazo dos Deportes que permanecen abertos durante o día de partido, para efectuar o pago das mensualidades correspondentes e poder acceder ao recinto deportivo. As cotas mensuais devolvidas polo banco non se poderán cobrar mediante domiciliación bancaria de novo, cobraranse unicamente de forma presencial.

No caso de que as mensualidades superen os tres meses o abonado perderá a súa antigüidade e o seu asento.

RENOVACIÓN

1. QUE PRAZOS TEÑO PARA RENOVAR O MEU ABONO?

O 23 de xuño iníciase a renovación online e actívase a web de Cita Previa.
A renovación presencial e as novas altas nas localidades dispoñibles serán desde o 27 de xuño ata o 4 de agosto.

2. QUE VÍAS TEÑO PARA RENOVAR O MEU CARNÉ?

A. Online: www.abonos.canaldeportivo.com as 24 horas do día (salvo bonificados como Desempregados, bancadas especiais, cambios de localidade ou abonos mensuais).

B. Teléfono: Mediante o servizo telefónico de ABANCA, no **902 434 443** todos os días de 08.00 a 22.00 horas (salvo bonificados como desempregados, bancadas especiais, cambios de localidade ou abonos mensuais).

C. Transferencia: Mediante o ingreso na conta do RC Deportivo, **ABANCA ES72 2080 0063 42 3040031088** remitindo sempre o xustificante bancario ao correo electrónico **atencion.deportivista@rcdeportivo.es** (salvo bonificados como Desempregados, bancadas especiais, cambios de localidade ou abonos mensuais).

D. Despacho de billetes: Oficina de Atención ao Deportivista, podendo solicitar cita previa na plataforma **citaprevia.canaldeportivo.com**. O horario dos Despachos de billetes será de **luns a venres entre o 27 de xuño e o 8 de xullo** ininterrompido de **10.00 a 20.00 horas.** Desde o **11 de xullo ao 19 de agosto** de **luns a venres de 10.00 a 14.00 e de 16.00 a 20.00 horas.** Os **sábados de 10.30 a 13.30 horas.** O **resto da temporada de 10.00 a 13.30 e de 16.30 a 19.00 horas.**

PREGUNTAS FRECUENTES

3. COMO PODO OBTER O MEU ABONO SE FAGO A MIÑA RENOVACIÓN ONLINE?

Para obter o abono, haberá dúas opcións:
A. Recollelo na Deportienda de Riazor.
B. Recibilo no domicilio abonando o importe do envío.

4. QUE DOCUMENTACIÓN DEBO PRESENTAR PARA RENOVAR?

A. Abono xeral: DNI ou o abono da Temporada 2015/16.
B. Bonificados:
- **Maior de 65 anos**: DNI ou Fe de Vida.
- **Discapacidade:** Certificado de discapacidade igual ou superior ao 33%. En caso de necesitar acompañante será imprescindible presentar o certificado médico.
- **Desempregado:** Tarxeta do SEPE actualizado que certifica a condición de desempregado.
- **Sub 25:** DNI.
- **Sub 15:** O abono debe ir vinculado a un maior de idade que se responsabilice do correcto uso do carné. Para xustificar a idade é necesario presentar o DNI ou Libro de Familia do menor.

5. COMO PODO SABER SE OS MEUS DATOS DE SOCIO E/OU ACCIONISTA ESTÁN ACTUALIZADOS?

No momento da renovación ou compra de accións aconsellamos a todos os deportivistas que comproben que os datos dispoñibles na Oficina de Atención ao Deportivista están completos e actualizados. Tamén se pode solicitar a información achegando o DNI ou carné de abonado na dirección de correo **atencion.deportivista@rcdeportivo.es.**

6. OS ABONOS MENSUAIS RENÓVANSE AUTOMATICAMENTE?

Os abonos mensuais renóvanse automaticamente salvo renuncia/baixa expresa ou cambio de modalidade de pago por petición do abonado. A primeira cota corresponde ao mes de xullo e os cargos en conta efectúanse durante os primeiros sete días do mes en curso. En caso de devolucións, o abonado deberá regularizar a situación do seu abono presencialmente en Despacho de billetes.

7. A TEMPORADA PASADA DEIXEI ALGÚN RECIBO PENDENTE, PODO ESTA TEMPORADA RENOVAR O MEU ABONO?

Si, mais para iso será necesario abonar os recibos pendentes da temporada pasada (a condición de que non sexan máis de tres recibos pendentes de pago).

8. PODO CAMBIAR DE NOME O ABONO NA RENOVACIÓN?

Non, non existe o cambio de nome. O que si sería posible é dar o abono de baixa e realizar unha alta nova nese mesmo asento, con autorización previa por escrito do socio que se vai a dar de baixa. Non se mantén a antigüidade.

9. QUE OCORRE SE SE ME PASA O PERÍODO DE RENOVACIÓN?

No caso de que un abonado non renovase o seu abono dentro dos prazos establecidos perdería o asento que tiña asignado ata ese momento e tería que buscar unha nova localización (segundo dispoñibilidade).

10. CAL É O HORARIO DOS DESPACHOS DE BILLETES DE RIAZOR?

- **Do 27 de xuño ao 8 de xullo:** de luns a venres horario ininterrompido de 10.00 a 20.00 horas. Os sábados de 10.30 a 13.30 horas.
- **Do 11 de xullo ao 19 de agosto:** luns a venres de 10.00 a 14.00 horas e de 16.00 a 20.00 horas. Os sábados de 10.30 a 13.30 horas.
- **Resto de temporada:** de 10.00 a 13.30 horas e de 16.30 a 19.00 horas.

RECOLOCADOS

1. QUE ABONADOS DEBEN RECOLOCARSE?

Aqueles abonados afectados por algún tipo de mellora dentro do Estadio de Riazor.

2. COMO PODO MUDAR DE LOCALIDADE?

Os afectados e recolocados polos videomarcadores e cámaras de vixilancia durante a Temporada 2015/2016 teñen preferencia sobre o resto de abonados se desexan mudar de localidade dentro da data indicada no calendario.

Entre o 27 de xuño e o 2 de xullo, as persoas afectadas terán preferencia para escoller as súas localidades entre as que haxa dispoñibles nese momento. O día 5 de agosto libéranse os asentos daqueles que non renovasen e terán os días 5 e 6 de agosto para escoller o seu asento de maneira preferente.

PREGUNTAS FRECUENTES

3. PODO RENOVAR DESDE CASA?

Non, aqueles que deben recolocarse deberán pasar por Despachos de billetes para a elección do novo asento.

4. ONDE SE ME VAI SITUAR?

Tentarase situar ao abonado na mesma zona do abono ou similar, sempre segundo dispoñibilidade.

CAMBIOS DE LOCALIDADE

1. QUE PRAZOS TEÑO PARA MUDAR DE LOCALIDADE?

Os cambios de localidade pódense realizar durante o prazo de renovación, suxeitos a dispoñibilidade, ou no momento que se liberen as localidades daqueles que non renoven o seu abono, dentro da data marcada no calendario, é dicir, desde o día 8 ao 10 de agosto.

2. SE QUERO MUDAR DE LOCALIDADE, QUE DEBO FACER?

Para poder elixir unha nova localidade é necesario acudir aos Despachos de billetes da Oficina de Atención ao Deportivista.

NOVAS ALTAS

1. TEÑO QUE PAGAR ALGUNHA COTA DE ALTA COMO NOVO ABONADO?

Non.

2. COMO PIDO CITA PREVIA PARA DARME DE ALTA?

Pode realizarse mediante a web: **citaprevia.canaldeportivo.com** en caso de ter calquera dúbida ou problema na plataforma para solicitar a súa cita pode contactar telefonicamente no **981 229 410.**

3. QUE PRAZOS TEÑO PARA FACER UNHA ALTA NOVA?

Pódense realizar altas novas desde que comeza o prazo de renovación, **27 de xuño**, nas localidades que queden dispoñibles, **ata o 4 de agosto**, data tope na que se reserva a localidade aos abonados. Posteriormente, liberaranse asentos para novas altas cunha **suba do 10%** sobre o prezo total.

4. QUE DOCUMENTOS DEBO PRESENTAR PARA DARME DE ALTA COMO NOVO SOCIO?

Debe presentarse o **DNI**, ou en caso de non poder acudir o titular, a fotocopia do destinatario do abono, e a ficha de alta cumprimentada e asinada. En caso de ser menor de idade o DNI, pasaporte ou o Libro de Familia xunto coa documentación cumprimentada e asinada polo titor do menor. Para os carnés bonificados débese achegar a documentación requirida en cada caso.

DÍAS DE PARTIDO

1. ONDE SE ATOPAN OS DESPACHOS DE BILLETES O DÍA DE PARTIDO? QUE HORARIO TEÑEN?

Os despachos de billetes trasládanse, en día de partido, ao **Pazo dos Deportes**, anexo ao Estadio de Riazor, e o seu horario é desde as 11.00 horas e ata o inicio do partido de maneira ininterrompida.

2. PODO PAGAR AS MENSUALIDADES PENDENTES O MESMO DÍA DE PARTIDO?

Si, nos días de partido os Despachos de billetes están habilitados tanto para a retirada de entradas, abonos, así como para pagar as mensualidades, duplicados ou calquera outro trámite.

3. COMPREI ENTRADAS POR INTERNET, COMO TEÑO QUE FACER PARA RETIRALAS? QUE DOCUMENTACIÓN NECESITO?

As entradas compradas vía Internet pódense retirar desde o mesmo día que se efectúa a compra na Oficina de Atención ao Deportivista situada en Avenida de La Habana ata o mesmo día de partido nos Despachos de billetes do Pazo dos Deportes. Para retiralas é imprescindible presentar a tarxeta de crédito **coa que se realizou a compra e o DNI do titular** da devandita tarxeta, ou ben o código de compra recibido após a operación.

4. PODE O MEU FILLO/A PEQUENO ENTRAR NO ESTADIO?

Todos os nenos, independentemente da idade, deben portar unha entrada/abono para poder acceder e permanecer no Estadio. Por tanto, queda prohibido acceder ao recinto cun neno en brazos sen a súa correspondente entrada/abono.

PREGUNTAS FRECUENTES

5. NON ME DÁ TEMPO A CHEGAR AO ESTADIO PARA O COMEZO DO PARTIDO, POR ONDE PODO ACCEDER?

As portas do Estadio Municipal de Riazor que se manterán de garda durante todo o transcurso de todos os partidos serán as seguintes:

A. Marathón: 9 e 10.
B. Preferencia: 16 e 17.
C. Pavillón: 22 e 23.
D. Tribuna: 27 e 29.

6. TEÑO UNHA INCIDENCIA CO CARNÉ/ENTRADA E O TORNO NON ME DEIXA ACCEDER. QUE PODO FACER?

O persoal de tornos tratará de resolver a incidencia co responsable de zona, mais se o torno denegou o paso dun carné, deberá acudir aos Despachos de billetes do Pazo dos Deportes de Riazor para que os responsables de entradas poidan comprobar no sistema o motivo do "paso denegado".

7. TEÑO UNHA INCIDENCIA DURANTE O TRANSCURSO DO PARTIDO. A QUEN PODO DIRIXIRME?

No interior do Estadio, situado en cada un dos vomitorios e accesos, poden achar persoal de servizo que dará aviso inmediato ao responsable da área de seguridade, social ou ao persoal sanitario, segundo proceda, para resolver calquera incidente que afecte á comodidade, seguridade ou saúde de todos os deportivistas.

INCENTIVOS

E SE ACODES A TODOS OS PARTIDOS?

A afección dun equipo é o xogador número 12. **#ANosaForza** é, temporada tras temporada, o pulmón, o latexado e a razón de ser do Club. Por iso, de novo este ano, após cada partido, sortearase, para os socios que acudan a Riazor, a camisola do que fose o mellor xogador do encontro segundo as enquisas oficiais do Club. E, alén diso, unha sorpresa final para sortear entre os máis fieis, entre todos os abonados que asistan ao Estadio o 100% dos partidos da Temporada de Liga e Copa do Rei.

OFICINA DE ATENCIÓN AO DEPORTIVISTA (OAD)

O Real Club Deportivo ten a disposición de todos os afeccionados a **Oficina de Atención ao Deportivista (OAD)** para atender de forma personalizada todas as suxestións, propostas e inquedanzas dos nosos socios e/ou accionistas. O obxectivo da OAD é asistir e contribuír con atención, dedicación e eficiencia a todos os Deportivistas. En definitiva, unha proposta de valor diferencial centrada en achegar solucións e optimizar a atención de todos e cada un dos nosos seguidores.

Correo electrónico: **atencion.deportivista@rcdeportivo.es**
Teléfono: **981 229 410**

DESPACHO DE BILLETES

Horario durante a campaña de abonos: Entre o 27 de xuño e o 8 de xullo horario ininterrompido de luns a venres de 10.00 a 20.00 horas e desde o 11 de xullo ao 19 de agosto de luns a venres de 10.00 a 14.00 e 16.00 a 20.00 horas. Sábados de 10.30 a 13.30 horas. Resto de temporada de 10.00 a 13.30 e de 16.30 a 19.00 horas.

Correo electrónico: **taquilla@canaldeportivo.com**
Teléfono: **981 229 410**

SEDE SOCIAL

Sede Social: **Praza Pontevedra 19, 1º 15003 A Coruña**
Teléfono: **981 259 500 Fax: 981 265 919**
Mail: **deportivo@canaldeportivo.com**
Páxina web: **www.canaldeportivo.com**

RCDEPORTIVO

RCDEPORTIVO